

DÚBIDAS PARTICIPACIÓN TRIBUNAIS OPOSICIÓN GALICIA

¿E OBRIGATORIO PARTICIPAR NOS TRIBUNAIS DE OPOSICIÓN?

A participación nos órganos de selección ten carácter obrigatorio, de conformidade co disposto no artigo 8º.3 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro.

¿PODO SOLICITAR SER SUPLENTE DO TRIBUNAL?

O presidente do tribunal pode conceder a suplencia se:

- Actuaches nun tribunal de oposicións dende o 2013 en adiante. 2013 incluído.
- Es director/a dun centro.
- Tes permiso sindical a tempo total

¿PODO ABSTERME OU PÓDENME RECUSAR?

Son motivos de abstención os seguintes: (Artigo 28 lei 30/1992)

- Ter interés persoal no asunto do que se trate ou noutro en cuxa resolución puidera influir a daqué.
 - Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grao ou de afinidade dentro do segundo, con calquera dos interesados.
 - Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- Do mesmo xeito, de acordo co artigo 8o.4 do Real decreto 276/2007, do 23 de febreiro, deberán absterse de actuar aqueles membros que realizasen tarefas de preparación de aspirantes aos procedementos selectivos para o mesmo corpo e especialidade, nos cinco anos anteriores a esta publicación.

Así mesmo, o persoal aspirante poderá recusar os membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas anteriormente, de acordo co artigo 29º da Lei 30/1992, do 26 de novembro. Calquera solicitude de suplencia, abstención, exención ou recusación debe presentarse ante o presidente do tribunal.